

UNHA PELÍCULA INACABADA

1563

Lou Ye, 2024

ESTREA EN NUMAX: 01.08.2025 | V.O.S.E. | 106 min

Xaneiro de 2020. Un equipo de filmación reúnese preto de Wuhan, China, para reanudar a rodaxe dun filme interrompido dez anos antes. Vivirán os inesperados desafíos da pandemia da COVID-19 e os confinamentos.

«Conmovedora e misteriosa. Comeza como unha comedia sofisticada, pasa a parecer unha apocalipse zombie e remata como drama intimista»

Peter Bradshaw, THE GUARDIAN



O cinema como vehículo de resistencia colectiva

Por Yago de Torres

Cando o filósofo polaco Zygmunt Bauman definía a modernidade líquida, apuntaba que a incerteza é a única certeza que nos queda e aprender a convivir con ela a nosa maior fonte de seguridade. Partindo do caos desatado durante os agónicos primeiros días do confinamento en Wuhan pola COVID-19, o cineasta Lou Ye desenvolve unha resposta argumental e estética para unha conxuntura caracterizada por un colapso da nosa percepción do tempo.

A comezos de 2020, Xiaorui, director de cinema (*alter ego* do propio Lou Ye), descobre no seu disco unha pantasma que o atormenta: unha película inacabada de 2009. Cando consegue convencer o elenco de retomar a rodaxe dez anos despois, a cidade fica confinada e a equipa recluída nun hotel.

A medida que se desenvolve o drama e se altera a capacidade de percepción dos protagonistas, *Unha película inacabada* muta até se converter nun artefacto híbrido modelado a partir dos diferentes soportes tecnolóxicos e linguaxes (noticieiros, webcams, móbiles, vídeos domésticos) que asaltan a pantalla para encapsular a incerteza, a desinformación, a saturación de imaxes que caracterizaron aqueles días. Mentres as vidas da equipa de rodaxe fican nunha pausa indefinida e as súas voces susurradas por videochamada comezan a desincronizarse na arañeira de dispositivos, Lou Ye encontra na catástrofe un reduto de fe, unha homenaxe ao cinema como vehículo de resistencia colectiva.

Publicado en Caimán. Cuadernos de Cine (nº201, Xullo-Agosto de 2025)